

Anuncio da FGE polo que se dá publicidade respecto da persoa beneficiaria da prórroga dunha bolsa de formación para persoas tituladas superiores universitarias para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e da investigación

Primeiro.- O 10 de xaneiro de 2019 publicouse no Diario Oficial de Galicia (*DOG número 7*) a Orde do 17 de decembro do 2018 pola que se autoriza á Fundación Galicia Europa a conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario, para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación.

Segundo.- Ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2018, o 22 de xuño de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia (DOG número 122)* a Resolución do 9 de xuño de 2020 pola que se convoca unha bolsa para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación (código de procedemento PR770M).

Terceiro.- O 1 de outubro de 2020 ditouse a resolución do director da Fundación Galicia Europa de outorgamento da bolsa convocada ao abeiro da Resolución do 9 de xuño de 2020. A citada resolución foi publicada ese mesmo día na páxina web da Fundación Galicia Europa, de acordo co regulado no artigo 14.8 da Orde do 17 de decembro de 2018.

A incorporación da persoa bolseira materializouse o 3 de novembro de 2020, rematando o período de formación o 2 de novembro de 2021.

Cuarto.- A situación descrita anteriormente determina que as persoas bolseiras non poidan participar de xeito activo e pleno da actividade ordinaria das institucións comunitarias e das entidades que se relacionan con estas, entre as que se atopan as redes de cooperación rexional nas que participa a Xunta de Galicia para promover a participación galega en iniciativas de I+D+i, nomeadamente ERRIN (European Regions Research and Innovation Network) e Vanguard Initiative.

Quinto.- No eido nacional, o artigo 54 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao Covid- 19 prevé a posibilidade de prórroga das ordes e resolucións de convocatoria de subvencións.

Ademais, a incerta evolución da pandemia dificulta enormemente unha nova convocatoria de bolsas, na medida na que se descoñece a evolución do brote de coronavirus e as dificultades que podería levar consigo a efectos sanitarios o desprazamento aos países de destino.



Sexto.- O 12 de abril de 2021 publicouse no DOG a *Orde do 31 de marzo de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica parcialmente a Orde do 17 de decembro do 2018 pola que se autoriza á Fundación Galicia Europa a conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario, para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación, afectada polas consecuencias do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria causada polo COVID-19.*

Sétimo.- De acordo co establecido no artigo 1 da citada Orde do 31 de marzo de 2021, o prazo de duración da bolsa outorgada ao abeiro da Resolución do 1 de outubro de 2020 do director da Fundación Galicia Europa, prorrógase ata o 2 de novembro de 2022.

Oitavo.- Mediante a resolución do director da Fundación Galicia Europa do 13 de abril de 2021, modificouse a resolución de outorgamento da bolsa do 1 de outubro de 2020, ampliando o prazo de duración da bolsa ata o 2 de novembro de 2022. De acordo co establecido no artigo 3 da Orde do 31 de marzo de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica parcialmente a Orde do 17 de decembro do 2018 pola que se autoriza á Fundación Galicia Europa a conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario, para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación, afectada polas consecuencias do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria causada polo COVID-19, a citada resolución foi notificada á persoa bolseira e habilitóuselle un prazo de 10 días para manifestar a súa conformidade para a aceptación da prórroga indicada.

Noveno.- A persoa bolseira manifestou a súa aceptación á prórroga dentro do prazo habilitado a tales efectos.

Con base no exposto, cómpre facer públicos os datos relativos á persoa bolseira beneficiaria da prórroga

	APELIDOS E NOME	Destino
1	AMOSAS TATO, CRISTINA	Bruxelas

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director da Fundación Galicia Europa

Jesús Gamallo Aller

